



## **CIRCULAR 144-2024**

### **XI CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB14 POR EQUIPOS**

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

**De cara a seleccionar aos equipos participantes por Galicia no Campionato de España Sub 14 por equipos, a celebrar os vindeiros 12 e 13 de outubro, dispónse o seguinte:**

**Art.1).-** Os clubs interesados deberán presentar estadillo en <https://sdp.rfea.es/> con data límite ata o luns 16 de setembro ás 20:00h.

**Art.2).-** O estadillo realizarase segundo as normas técnicas da competición ([ver regulamento do Campionato de España Sub14 por equipos](#)), exceptuando as remudas, con rexistros obtidos na presente tempada.

- Cada equipo estará formado por 8 atletas
- Cada atleta debe estar nunha carreira e nun concurso.
- Preséntanse 2 atletas por proba.
- Poden formar parte do equipo un máximo de 2 atletas de clubs asociados.
- Para a proba da marcha admitiranse rexistros de 3000 marcha.

**Art.3).-** O prazo de reclamacións e renuncias rematará ás 20:00 horas do xoves 19 de setembro, sendo estas dirixidas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

**Art.4).-** Toda vez finalizado o proceso, a FGA remitirá a proposta de equipos á RFEA, sendo esta a encargada da publicación dos clasificados.

**A Coruña, a 6 de setembro de 2024**

**Yolanda González Fernández**  
Secretaria da Federación Galega de Atletismo